

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

6895 *Real decreto 274/2018, do 11 de maio, polo que se regula a residencia, desprazamentos e localización do persoal da Garda Civil.*

O artigo 104.1 da Constitución española atribúe ás forzas e corpos de seguranza, baixo a dependencia do Goberno, a misión de protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades e garantir a seguranza cidadá.

A Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguranza, sinala como un dos principios básicos de actuación dos seus membros o de dedicación profesional e, no seu artigo quinto, punto 4, imponlles o deber de levar a cabo as súas funcións con total dedicación, debendo intervir sempre, en calquera tempo e lugar, de encontrarse ou non de servizo, en defensa da lei e da seguranza cidadá. Da mesma forma, a Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil, considera a dispoñibilidade permanente para o servizo dos gardas civís como elemento que configura de forma ineludible o exercicio da súa actividade profesional.

Pola súa vez, a propia Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, establece para os gardas civís limitacións ou condicións ao exercicio de determinados dereitos en función da responsabilidade que se lles asigna e consecuentes coa natureza e transcendencia que o mantemento da seguranza pública exige dos responsables da súa garantía. A Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, contén tamén determinadas previsións que polas razóns expostas amparan as limitacións que se poden aplicar aos dereitos de residencia e circulación previstos no artigo 19 da Constitución.

O obxectivo principal do real decreto é dar cumprimento e contido á facultade recollida no artigo 21 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, cando determina que se poderán autorizar os gardas civís a fixar o seu domicilio nun municipio distinto do de destino, sempre que se asegure o adecuado cumprimento das obrigas profesionais e nos termos e condicións regulamentarias que se establezan. Son precisamente estas regras as que recolle o real decreto co empeño de que queden definidas de forma congruente e proporcional para o fin que perseguen, e que sexan obxectivas e homoxéneas para a súa aplicación ao conxunto do persoal do corpo.

O real decreto pon énfase tamén en facilitar os trámites e os procedementos, e por esta razón, establece como único requisito o de comunicar onde se desexa residir, de forma que se o lugar se axusta aos criterios fixados, a autorización queda concedida sen necesidade de resolución expresa. Non ignora, no entanto, a diversidade de situacións asociadas a diferentes factores que poden concorrer nos gardas civís ao longo de todo o territorio nacional e habilita, xa que logo, un procedemento expreso para atender supostos especiais xustificados, xa for por razóns familiares, de seguranza ou de localización fronteiriza das unidades.

O real decreto ten tamén como obxectivo regular o necesario para que o deber de residencia non supoña unha limitación para que os gardas civís en situación de baixa temporal por motivos de saúde que así o precisen poidan dispoñer das posibilidades máis adecuadas para favorecer a súa recuperación e non atrasar a reincorporación á actividade ordinaria. Aténdense deste modo non só razóns de índole médica senón tamén de tipo social ou familiar.

Para estes casos prevese a autorización para o cambio de residencia sempre que a Sanidade da Garda Civil determine a ausencia de contraindicación médica para a recuperación da incapacidade temporal.

Baixo o ineludible aseguramento do cumprimento das obrigas profesionais e no marco da características e distribución das unidades do corpo, conxúgase así este propósito coa exigencia de que quede garantido o labor de control e seguimento das incapacidades pola Sanidade da Garda Civil, e coa obriga de someterse aos recoñecementos psicofísicos

necesarios nos termos fixados no artigo 103 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, de réxime do persoal da garda civil, en estreita conexión co deber previsto no artigo 23 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro.

Da mesma forma, o artigo 6 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, dispón que os membros da Garda Civil teñen dereito a desprazarse libremente polo territorio nacional, sen prexuízo das limitacións que deriven do cumprimento da súa misión de protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades e de garantir a seguranza cidadá, e do disposto no artigo 21 xa citado.

Unha vez establecido o necesario respecto da residencia con respecto ás condicións exixidas que permitan asegurar o desempeño das obrigas profesionais, o aspecto que precisa de maior regulación é o dos desprazamentos ao estranxeiro, onde o propio artigo 6 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, estipula que os gardas civís deberán comunicar previamente aos seus superiores os desprazamentos ao estranxeiro, aos cales se aplicarán as mesmas limitacións que aos que se realicen en territorio nacional.

Por unha parte, o real decreto ten en conta a realidade social, os actuais medios de transporte, o avance nas tecnoloxías das comunicacións e a libre circulación por territorio comunitario, e considera suficiente con que se manteñan os medios efectivos de localización para os desprazamentos de pequena duración a países da Unión Europea ou que teñan fronteira terrestre con España. Por outro lado, incorpora un procedemento reforzado de comunicación específica non impeditivo para as viaxes a aqueles países que pola súa situación internacional sinalase o secretario xeral de Política de Defensa nas normas que regulan os desprazamentos ao estranxeiro do persoal militar. Nestes casos, informaranse os gardas civís afectados das condicións que desaconsellan a viaxe, normalmente por circunstancias relacionadas coa seguranza, a sanidade ou a mobilidade.

En canto ao seu contido e tramitación, observa os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguranza xurídica, transparencia e eficiencia, exixidos como principios de boa regulación polo artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 54 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, foi sometido ao informe do Consello da Garda Civil.

Por último, este real decreto dítase ao abeiro do disposto nas regras 4ª e 29ª do artigo 149.1 da Constitución, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva en materia de defensa e forzas armadas, e de seguranza pública, respectivamente, e ten a súa habilitación legal no establecido nos artigos 6 e 21 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro.

Na súa virtude, por proposta dos ministros do Interior e de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de maio de 2018,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto regular, en desenvolvemento do previsto nos artigos 6 e 21 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil:

a) Os termos e condicións para que os gardas civís poidan fixar o seu domicilio nun municipio distinto ao daquel en que radique a unidade do posto de traballo que ocupen ou na que estean encadrados administrativamente.

b) O deber dos gardas civís de comunicar na unidade de destino onde ocupen un posto de traballo ou na que estean encadrados administrativamente, o seu domicilio

habitual ou temporal e de facilitar os medios necesarios que aseguren a súa localización en caso de que sexa preciso para atender as súas obrigas profesionais.

c) O deber dos gardas civís de comunicar previamente aos seus superiores os desprazamentos que vaian realizar ao estranxeiro.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto será de aplicación aos gardas civís e aos alumnos do ensino de formación do corpo.

2. Ao persoal da Garda Civil que preste servizos en órganos alleos á súa estrutura central e periférica, que os desenvolva no marco dunha misión internacional ou que preste servizo nun organismo alleo ao instituto seralle de aplicación a súa normativa específica e supletoriamente o disposto neste real decreto.

3. Respecto dos membros das Forzas Armadas que desempeñen a súa actividade en postos de traballo das unidades, centros e órganos da Garda Civil, seralles de aplicación este real decreto no disposto para a residencia e localización, sen prexuízo do disposto no artigo 23 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, e a súa normativa de desenvolvemento.

CAPÍTULO II

Residencia

Sección 1.ª Residencia habitual

Artigo 3. *Residencia habitual.*

1. O lugar de residencia habitual do persoal incluído no ámbito de aplicación será o do termo municipal onde radique a súa residencia oficial.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, o citado persoal, en asegurando o adecuado cumprimento das súas obrigas profesionais, poderá fixar a súa residencia habitual nun municipio distinto ao da súa residencia oficial, logo de comunicación nos termos fixados neste real decreto, sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:

- a) Que o municipio se encontre en territorio nacional.
- b) Que o afectado poida cumprir adecuadamente todas as obrigas profesionais do seu posto, cargo ou función, incluída a dispoñibilidade permanente para o servizo exixida aos membros da Garda Civil.
- c) Que non xere unha manifesta incompatibilidade para desempeñar, en correcto estado de condicións psicofísicas, a xornada habitual de traballo que teña establecida, así como a prestación dos servizos que lle sexan encargados.
- d) Que a duración do desprazamento entre onde se encontre situada a vivenda que pretende fixar como habitual e a súa residencia oficial sexa como máximo, en condicións normais, dunha hora e media. O Mando de Operacións Territoriais, o Mando de Información, Investigación e Ciberdelincuencia, o Mando de Persoal e Formación, o Mando de Apoio e Innovación e o Gabinete Técnico, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán establecer un prazo inferior en determinadas unidades, de forma motivada e fundada no tempo de incorporación que teñan fixado para a atención de requirimentos do servizo.

3. En todo caso, cando se acepte a adxudicación dun pavillón oficial, fixarase a residencia habitual no dito pavillón, independentemente do municipio en que se sitúe.

4. O feito de ter establecida a residencia habitual nun municipio distinto ao da súa residencia oficial non alterará a responsabilidade do cumprimento das obrigas profesionais.

5. Cando o persoal ocupe temporalmente un posto de traballo dunha unidade, a residencia temporal será a do termo municipal onde teña a súa sede. Non obstante, poderá fixar a dita residencia temporal nun municipio distinto, de acordo co previsto nesta sección.

Artigo 4. *Comunicación e procedemento para fixar a residencia habitual.*

1. O persoal incluído no ámbito de aplicación terá a obriga de comunicar por escrito na súa unidade de destino ou na que estea encadrado administrativamente sen ocupar un posto de traballo, o lugar da súa residencia habitual e os medios de localización, conforme o disposto neste real decreto.

2. Nos casos en que o interesado comunique na súa unidade que vai fixar a súa residencia habitual nun municipio distinto do da súa residencia oficial, o xefe da que dependa o interesado remitirá, xunto co seu informe, nun prazo máximo de cinco días hábiles e por conduto regulamentario, ao xefe de zona, ou de xefatura ou unidade ao mando de xeneral da que dependa. Darase conta ao interesado da data de entrada da súa comunicación no rexistro do dito órgano.

A citada autoridade comprobará, á vista dos informes recibidos da cadea de mando, que o interesado reúne todas as condicións establecidas no artigo 3.2, e poderá pedir cantos informes considere pertinentes para a súa valoración.

Cando o interesado non reúna as citadas condicións, o xefe de zona, ou de xefatura ou unidade ao mando de xeneral da que dependa, procederá a ditar resolución motivada no prazo máximo de dez días hábiles contado desde o seguinte ao de entrada da comunicación no dito órgano, e non autorizará a establecer a residencia no lugar pretendido. Este prazo poderá suspenderse por un período máximo doutros dez días hábiles cando sexa preciso requirir ao interesado a achega de documentos ou doutros elementos de xuízo necesarios.

O vencemento do prazo sen resolución expresa permitirá ao interesado entender que non existe impedimento para establecer a súa residencia habitual no lugar comunicado, sen prexuízo de que se dite a resolución expresa correspondente.

3. Cando o exixan situacións extraordinarias relacionadas coas necesidades do servizo, os xefes de zona, ou de xefatura ou unidade ao mando de xeneral, poderán deixar sen efecto temporalmente que o interesado poida fixar a súa residencia habitual nun municipio diferente ao da súa residencia oficial. A decisión adoptada notificarase por escrito ao afectado, de maneira motivada e individualizada.

4. Cando desapareza algunha das condicións establecidas no artigo 3.2 que comportaron que o interesado puidese fixar a súa residencia habitual nun municipio diferente ao da súa residencia oficial, o afectado terá que comunicar novamente as súas circunstancias na forma prevista no punto 2.

Así mesmo, a autoridade facultada para autorizar a residencia habitual, cando teña coñecemento da desaparición dalgunha das condicións establecidas no artigo 3.2, ou cando constate que o afectado non pode acudir en correcto estado de condicións psicofísicas a desempeñar a xornada habitual de traballo que teña establecida e a prestación dos servizos que lle sexan encargados, poderá deixar sen efecto a residencia elixida polo interesado, mediante resolución motivada e logo de trámite de audiencia.

Artigo 5. *Situacións especiais.*

1. Cando se dean circunstancias especiais de necesidade persoal ou familiar, debidamente xustificadas, ou por motivos de seguranza persoal contrastados, o xefe de zona, ou de xefatura ou unidade ao mando de xeneral, poderá autorizar ao afectado por estas circunstancias a residir noutro municipio distinto ao da súa residencia oficial, sen que sexa preciso cumprir todos os requisitos recollidos no artigo 3.2. Neste sentido, ao valorar as circunstancias especiais que concorran, poderá terse en conta a proximidade da residencia oficial con países da Unión Europea limítrofes co territorio nacional.

2. Para os supostos recollidos neste artigo, o interesado presentará solicitude de autorización na súa unidade de destino ou na que estea encadrado administrativamente, dirixida ao xefe de zona, ou de xefatura ou unidade ao mando de xeneral da que dependa, especificando as razóns polas que motiva a dita petición e xuntando a documentación xustificativa que considere, a cal será remitida polo xefe de unidade, co seu informe, á

autoridade competente para a súa resolución nun prazo máximo de cinco días hábiles e utilizando o conduto regulamentario.

3. O prazo máximo para notificar ao interesado a resolución que se adopte será de dez días hábiles contado desde o día seguinte ao de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa resolución, feito que será comunicado ao solicitante. O vencemento deste prazo sen resolución expresa notificada permitirá ao interesado entender a súa solicitude estimada por silencio administrativo.

O xefe de zona, ou de xefatura ou unidade ao mando de xeneral, poderá pedir cantos informes considere pertinentes para a resolución da solicitude. Así mesmo, podera suspender o prazo sinalado durante un período máximo de dez días hábiles cando sexa preciso requirir ao interesado a achega de documentos ou doutros elementos de xuízo necesarios.

4. A autorización permanecerá vixente mentres se manteñan as circunstancias que xustificaron a súa concesión.

Cando o exixan situacións extraordinarias relacionadas coas necesidades do servizo, a autoridade que a concedeu poderá deixar sen efecto temporalmente a autorización. A decisión adoptada notificarase por escrito ao afectado, de maneira motivada e individualizada. Do mesmo modo, cando desaparezan as causas especiais que comportaron a autorización da residencia habitual prevista neste artigo, a autoridade que a autorizou poderá revogala mediante resolución motivada e logo de trámite de audiencia ao interesado.

Sección 2.^a Residencia temporal por baixa

Artigo 6. Procedemento para a autorización da residencia temporal por baixa.

1. Co fin de favorecer a súa recuperación, o persoal incluído no ámbito de aplicación que se encontre de baixa temporal para o servizo por motivos de saúde poderá solicitar directamente ao xefe da comandancia, sector, servizo ou unidade similar na que se encontre destinado ou ocupando temporalmente un posto de traballo, autorización para fixar temporalmente a súa residencia en lugar distinto ao habitual. De forma simultánea e, para efectos de facilitar a emisión do informe previsto no punto 2, o interesado deberá remitir copia da súa solicitude aos servizos médicos da Garda Civil correspondentes. Á solicitude poderá xuntar, ademais, os informes que considere oportunos.

A solicitude dirixirase ao xefe de zona, ou de xefatura ou unidade ao mando de xeneral, no caso do persoal directamente dependente deles.

2. No marco do previsto no artigo 103.2.b) da Lei 29/2014, do 28 de novembro, de réxime do persoal da Garda Civil, para a decisión que se vaia adoptar, valorarase o informe dos servizos médicos da Garda Civil da unidade correspondente no que conste, expresamente, a ausencia de contraindicación médica para residir no novo municipio.

O informe conterá, ademais, as condicións de seguimento da evolución da baixa e proposta sobre o prazo de autorización, para cuxa determinación se tomará como referencia a duración media, por patoloxías, establecida nas táboas e manuais técnicos utilizados no Sistema nacional de saúde e, se é o caso, outras autorizacións concedidas con anterioridade.

O informe que se emita será remitido á autoridade que corresponda das sinaladas no punto 1, no prazo de cinco días hábiles desde a entrada da copia da solicitude nos servizos médicos correspondentes. De non emitirse o informe no prazo sinalado, e sen prexuízo da responsabilidade en que incorra o responsable da demora, poderanse proseguir as actuacións.

Ademais do anterior, as ditas autoridades poderán pedir cantos informes xulguen necesarios para a resolución da solicitude.

3. A solicitude resolverase coa maior brevidade posible e, como máximo, nun prazo de dez días hábiles contados desde a data en que teña entrada no rexistro do órgano competente para a súa resolución, feito que será comunicado ao solicitante. Transcorrido o dito prazo sen que se notificase resolución expresa, entenderase concedida a autorización sinalada, sen prexuízo de que se dite a resolución correspondente cos efectos previstos no punto 4.

4. A autorización de residencia temporal que se conceda incluíra as condicións de seguimento e control da baixa polos servizos médicos competentes, así como o prazo da súa vixencia, que inicialmente será, como máximo, desde a súa notificación ou desde a estimación por superación do prazo, de trinta días naturais ou do tempo proposto no informe dos servizos médicos segundo a duración media da patoloxía. Unha vez finalizado o prazo, o interesado regresará á súa residencia habitual.

5. Nos casos en que o interesado pretenda continuar na residencia temporal, no prazo de cinco días hábiles anteriores ao fin da súa vixencia, poderá dirixir directamente nova solicitude á autoridade que concedeu a anterior, á que xuntará o informe previsto no punto 2, emitido polo servizo médico da Garda Civil da unidade na que se encontre encadrado temporalmente. Nestes casos, o prazo de resolución será de cinco días hábiles desde que a solicitude teña entrada no rexistro do órgano competente para iso, e durante este tempo a residencia temporal considerárase prorrogada de forma provisional.

Sen prexuízo do que preveña a normativa reguladora dos destinos do persoal do corpo da Garda Civil, nos casos en que se produza a adxudicación dun destino mentres se goza de residencia temporal autorizada, o interesado poderá continuar nela mentres permaneza vixente e comunicarao, nun prazo de tres días desde a efectividade do destino, ao xefe da comandancia, sector, servizo ou unidade similar da que cesa. Se persisten as circunstancias e o fin que xustificaron a autorización, poderá solicitar nova autorización ao xefe da comandancia, sector, servizo ou unidade similar do novo destino, na forma e prazos previstos no parágrafo anterior.

Cando a baixa para o servizo por motivos de saúde aconteza fóra da residencia habitual, o afectado que pretenda fixar temporalmente a súa residencia en lugar distinto terá que solicitar autorización nos termos previstos neste artigo. Nestes casos, poderán ser os servizos médicos da Garda Civil do lugar onde se encontre os que efectúen o informe previsto no punto 2, sempre que certifiquen, ademais, que o estado da enfermidade ou lesión impide que o afectado se traslade efectivamente ao seu lugar de residencia habitual.

Artigo 7. *Efectos da autorización de residencia temporal por baixa.*

1. Para os únicos efectos recollidos nesta sección, o persoal quedará encadrado na comandancia ou unidade similar a cuxa demarcación pertenza o municipio onde fose autorizado a fixar a residencia temporal.

2. O órgano que conceda a autorización de residencia temporal comunicarao ao xefe da comandancia, sector, servizo ou unidade similar onde radique a residencia temporal, que pola súa vez dará conta aos seus servizos médicos.

O interesado deberá trasladarse efectivamente á residencia temporal autorizada e dar conta por escrito da súa saída á autoridade que lle concedeu a autorización e da súa chegada ao xefe da comandancia, sector, servizo ou unidade similar en cuxa demarcación está situada a nova residencia temporal, cuxo servizo médico informará o de orixe para asegurar que se efectúa o adecuado seguimento da baixa para favorecer a recuperación do afectado.

3. O persoal que fose autorizado a residir temporalmente noutro municipio quedará suxeito ao control e seguimento da súa baixa polos servizos médicos da Garda Civil da unidade na que quede encadrado, que incluíra os recoñecementos psicofísicos ou psicolóxicos coa periodicidade que se considere a teor da enfermidade ou lesión.

Mentres permaneza vixente a autorización, o interesado presentará na unidade onde estea encadrado temporalmente os partes correspondentes na forma e periodicidade que preveña a regulación de baixas médicas ou de insuficiencia temporal de condicións psicofísicas.

4. No momento en que o persoal sexa dado de alta para o servizo, comunicará a súa partida á unidade da localidade onde residiu temporalmente, quen, pola súa vez, dará conta á unidade que concedese a autorización, despois do cal regresará á súa residencia habitual e incorporándose de inmediato á súa unidade, onde presentará o parte de alta médica.

CAPÍTULO III

Desprazamentos e localización*Artigo 8. Desprazamentos dos gardas civís.*

1. Sen prexuízo de comunicar, conforme o disposto no artigo 9, na súa unidade de destino, na que ocupe temporalmente un posto de traballo ou na que estea encadrado administrativamente, o lugar da súa residencia habitual ou temporal e os medios de localización, os gardas civís teñen dereito a desprazarse libremente por territorio nacional, conforme o disposto no artigo 6.1 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro.

2. O garda civil que teña previsto o seu desprazamento a países estranxeiros, previamente ao seu inicio, deberá comunicalo na súa unidade e facilitar os datos que permitan a súa localización, de acordo co indicado nos artigos 6.2 e 21.2 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, e 9 deste real decreto.

Non será necesario efectuar a comunicación sinalada cando o desprazamento sexa a Estados membros da Unión Europea ou a países que teñan fronteira terrestre co territorio nacional, que non supere os catro días e que se manteñan sen variación os medios facilitados que fagan posible a súa localización conforme o artigo 9.

3. O garda civil destinado ou en comisión de servizo no estranxeiro que vaia desprazarse a un terceiro Estado, cando este movemento non teña carácter oficial, deberá cumprir o disposto neste artigo.

4. Nos desprazamentos aos países que figuren na resolución do secretario xeral de Política de Defensa, ditada de acordo coa Orde DEF/2097/2015, do 29 de setembro, pola que se regula a autorización previa para desprazamentos ao estranxeiro do persoal militar, o garda civil deberá comunicalo por escrito, antes de comezar a viaxe e calquera que sexa a súa duración, ao Mando de Operacións Territoriais, ao Mando de Información, Investigación e Ciberdelincuencia, ao Mando de Persoal e Formación, ao Mando de Apoio e Innovación ou ao xefe do Gabinete Técnico, en función da unidade da que dependan.

A comunicación referida no parágrafo anterior presentarse na súa unidade ao menos sete días hábiles antes do inicio da viaxe, salvo circunstancias extraordinarias invocadas polo interesado, e incluírá o enderezo onde permanecerá durante a súa estadía e os medios que fagan posible a súa localización. O xefe da unidade remitiráa inmediata e directamente á autoridade que corresponda das sinaladas no parágrafo anterior.

A autoridade competente poñerá en coñecemento do garda civil afectado os aspectos que poden desaconsellar a realización da viaxe, en especial, as recomendacións e advertencias que afecten a seguranza, sanidade e regreso ao territorio nacional, así como outras circunstancias de calquera natureza que pola súa entidade servisen para considerar o país ou territorio entre os que deben ser obxecto de comunicación específica conforme o establecido neste punto.

5. Coa finalidade de que os gardas civís teñan coñecemento dos países ou territorios que requiren comunicación específica, a Dirección Xeral da Garda Civil dará a difusión adecuada destes.

Artigo 9. Localización.

1. O persoal incluído no ámbito de aplicación ten a obriga de comunicar na súa unidade de destino, na que ocupe temporalmente un posto de traballo ou na que estea encadrado administrativamente, o enderezo do seu domicilio habitual ou temporal e de facilitar os seus datos de contacto telefónico, debidamente actualizados, así como calquera outra información que permita, en caso necesario, a súa efectiva localización para atender puntualmente as súas obrigas profesionais.

2. Así mesmo, no marco do previsto no artigo 20 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, o persoal deberá presentarse na súa unidade de destino ou na que ocupe temporalmente un posto de traballo, ou na máis próxima, nos casos de declaración dos

estados de alarma, excepción ou sitio ou, cando así se dispoña, en caso de alteración grave da seguranza cidadá, catástrofe ou emerxencia extraordinaria.

CAPÍTULO IV

Comunicacións e recursos

Artigo 10. *Comunicacións.*

As comunicacións e trámites previstos neste real decreto levaranse a cabo por medios electrónicos e de transmisión telemática, a través dos sistemas, aplicacións e soportes dispoñibles que aseguren o seu envío e recepción, así como o cumprimento dos prazos establecidos.

Ao efectuar as comunicacións, adoptaranse as medidas de protección e tratamento previstas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na súa normativa de desenvolvemento e, en especial, o recollido para os datos referentes á saúde.

Artigo 11. *Recursos.*

1. Contra os actos e resolucións que se adopten en exercicio das competencias atribuídas neste real decreto, os gardas civís poderán interpoñer recurso de alzada, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Contra os actos e resolucións adoptadas que non sexan resolución dun recurso de alzada, poderá interpoñerse recurso de reposición, con carácter potestativo, previo á vía contencioso-administrativa.

Disposición adicional primeira. *Persoal pendente de asignación de destino ou en reserva sen destino.*

O persoal da Garda Civil en servizo activo pendente de asignación de destino que non ocupe temporalmente un posto de traballo ou en reserva sen destino poderá establecer libremente en calquera municipio do territorio nacional o seu lugar de residencia habitual, coa única obriga de proporcionar os datos precisos para a súa localización na unidade en que quede encadrado administrativamente, que, pola súa vez, o participará ao Mando de Persoal e Formación da Dirección Xeral da Garda Civil.

Disposición adicional segunda. *Persoal que teña a condición de garda civil en suspenso ou que se encontre nas situacións administrativas de suspensión de emprego ou de suspensión de funcións.*

A residencia habitual do persoal da Garda Civil que pase a algunha das situacións administrativas previstas na Lei 29/2014, do 28 de novembro, durante as cales teña a condición de garda civil en suspenso, será a que tivese fixada con anterioridade, salvo que a correspondente resolución de pasaxe á nova situación fixe outra residencia distinta solicitada polo interesado.

O persoal da Garda Civil que pase ás situacións de suspensión de emprego ou de suspensión de funcións recollidas na Lei 29/2014, do 28 de novembro, que non comporte o cesamento no destino, manterá a súa residencia habitual na que tivese fixada con anterioridade á pasaxe á dita situación. Se comporta o cesamento no destino, a súa residencia habitual será a que se fixe na resolución correspondente de pasaxe á nova situación administrativa.

Os gardas civís que permanezan en calquera das situacións administrativas previstas nesta disposición adicional poderán variar o seu lugar de residencia, e que deben comunicar á unidade en que quedasen encadrados administrativamente, que, pola súa vez, o participará ao Mando de Persoal e Formación da Dirección Xeral da Garda Civil.

Disposición adicional terceira. *Persoal autorizado a gozar de licenza.*

A residencia habitual do persoal da Garda Civil que teña autorizado o aproveitamento de licenza por asuntos propios ou por estudos, recollidas na normativa pola que se regulan as vacacións, permisos e licenzas do persoal da Garda Civil, será a que elixa o interesado na súa solicitude e que constará na correspondente resolución de concesión da licenza.

Disposición adicional cuarta. *Países e territorios suxeitos a comunicación específica para o desprazamento.*

Para o cumprimento do disposto neste real decreto, o secretario xeral de Política de Defensa comunicará á Dirección Xeral da Garda Civil os países ou territorios que, pola súa situación internacional, establecece de acordo co previsto no artigo 3.2 da Orde DEF/2097/2015, do 29 de setembro.

Disposición transitoria única. *Autorizacións de residencia en vigor ou en tramitación.*

As autorizacións de residencia habitual e temporal, expresas ou tácitas, existentes na entrada en vigor deste real decreto, continuarán vixentes e suxeitas ao previsto na normativa que amparou a súa concesión.

As solicitudes de autorización de residencia habitual e temporal que fosen presentadas antes da entrada en vigor deste real decreto e que non fosen resoltas axustaranse á normativa vixente no momento en que se formulou a solicitude.

Nos supostos sinalados, se os interesados consideran que resulta máis beneficiosa ou favorable a aplicación do establecido neste real decreto, poderán formular nova comunicación ou solicitude conforme o previsto nela.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.4ª e 149.1.29ª da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de defensa e Forzas Armadas, e de seguranza pública, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Habilítanse os ministros do Interior e de Defensa para adoptar as disposicións necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto, no ámbito das súas respectivas competencias.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de maio de 2018.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia
e para as Administracións Territoriais,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN